



## Cáritas, o rostro humano da Igrexa

---

Manuel Regal Ledo

Desde o comezo do cristianismo o «servizo das mesas» (cf. Feit 6, 2) foi sempre un sinal imprescindible de identidade cristiá. O «servizo das mesas» implicaba e implica atender a todas aquelas necesidades que lle permiten a unha persoa, grupo social ou pobo desenvolver a vida con dignidade, atendendo para iso as necesidades que a posibilitan.

En cada época histórica o «servizo das mesas» tivo rostros, servizos e finalidades moi concretas. Cáritas é un deses rostros, un dos máis valorados dentro e fóra de Igrexa pola seriedade e eficacia do traballo que realiza. E Cáritas non podía faltar no cadro de carencias que se agravou entre nós, tamén no mundo enteiro, coma unha derivada da COVID-19.

Xa a memoria anual de Cáritas para o 2019 nos falaba de 337 millóns de euros investidos polo conxuntos das 70 Cáritas Diocesanas de toda España, dos que o 71 % son achegas privadas e o 29 % sono públicas; o que permitiu acompañar a 2.391.506 persoas, delas 1.403.269 en España e o resto en accións de ámbito internacional. Pero a consecuencia da COVID-19 Cáritas houbo de ampliar nun 2,7 o diñeiro investido, para atender as demandas de axuda que se dispararon un 77 %, cousa que levou a elevar nun 57 % o número de persoas atendidas. As causas destes incrementos son evidentes: precariedade laboral, en moitos casos absoluta, economías de miseria, carencia do imprescindible para vivir dignamente: comida diaria, lugar onde residir, afrontar pagos, etc. A subliñar que de cada euro recibido Cáritas só inviste en administración 6,7 céntimos.

O que sucedeu no conxunto de España pasou tamén nas dioceses galegas. Por iso, para poñer en valor este rostro eclesial, e para animarnos a todos a multiplicar o noso espírito de solidariedade a través de Cáritas ou a través de calquera outra entidade seria e solvente, quixemos ofrecer en Encrucillada unha resumida presentación do traballo desenvolvido por Cáritas nas cinco dioceses de Galicia. Para iso enviamos a todas elas un breve cuestionario sobre:

- Número de profesionais ao servizo de Cáritas diocesana.
- Número de voluntarios colaborando nos diferentes servizos.
- Áreas nas que se está traballando na actualidade (descrición brevísima).
- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos.
- Presuposto xeral co que se levan a cabo as actividades.
- Fontes principais de ingresos.
- Actividades que se iniciaron ou potenciaron a consecuencia da COVID-19.
- Nome do Director de Cáritas da diocese.
- Correo electrónico de Cáritas diocesana.

E estas foron as respostas.

## 1.- Cáritas diocesana de Tui-Vigo

- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos: Ao longo do pasado ano 2019 foron 3.538 os fogares que atendemos con 7.078 persoas beneficiadas.
- Número de profesionais ao servizo: 41 (máis 11 na empresa de inserción).
- Número de voluntarios colaborando nos diferentes servizos: 544.
- Áreas nas que se está traballando na actualidade:
  - Animación comunitaria e voluntariado: Acompañando e animando a acción de Cáritas no territorio e facilitando a creación e renovación das Cáritas parroquiais.

- Acollida, acompañamento e inmigrantes: Atendendo as necesidades básicas das persoas con maiores dificultades mediante axudas de primeira necesidade: alimentación, vivenda, saúde, etc. e acompañándoas no seu proceso co obxectivo de que alcancen a súa autonomía persoal.
- Educación familiar: Mellorar o funcionamento persoal, familiar e social das familias favorecendo a aprendizaxe e adquisición de condutas necesarias para interactuar e relacionarse cos demais.
- Saúde: A perda ou deterioro da saúde mental ou física leva ás persoas a unha situación persoal moi difícil de combater, por iso intentamos paliar e mellorar esta atención social.
- Apoio psicolóxico e psiquiátrico: Prestar atención ás persoas que por diversos motivos non reciben asistencia nos servizos sanitarios oficiais ou non os reciben coa regularidade que precisan.
- Emprego: Acoller e informar sobre os recursos existentes en materia de emprego, orientando e acompañando mediante itinerarios individualizados de inserción laboral. Mediar coas empresas e particulares que precisen cubrir postos de traballo.
- Asesoría xurídica: Dar resposta xurídica ás necesidades das persoas, maioritariamente inmigrantes, e que se atopan en situación de exclusión.
- Escola infantil: Realizar a formación dos menores dende un compromiso coa igualdade, a xustiza e a formación integral, inculcando o respecto á diferenciación económica, social, intelectual e física.
- Centro de atención de día (CAD): Tratando de previr a medida de acollemento nun centro residencial e manter así a convivencia dos menores coas súas familias e axudalos no seu proceso de integración social, familiar e educativo mediante a súa educación integral.
- Cooperación internacional-cooperación fraterna: Creando unha maior concienciación no eido da solidariedade internacional.

- Proxecto téxtil: Para este proxecto, creamos unha empresa de inserción laboral. Recollemos a roupa usada, en varios municipios da diocese, para reciclar e reutilizar. Co fin de dignificar a entrega gratuíta de roupa aos nosos participantes temos unha tenda, aberta tamén ao público xeral. Con este proxecto creamos 11 postos de traballo.
- Presuposto xeral co que se levan a cabo as actividades: Tamén son datos do 2019: 2.034.825'30 € invertidos. Para este ano 2020 a previsión é dun aumento considerable de gastos.
- Fontes principais de ingresos: Un 61 % foron de fondos propios (colectas parroquiais, doazóns, herdanzas, eventos, etc.) e un 39 % de recursos alleos (Fondo Social Europeo, IRPF, Xunta, Cáritas Española, Inditex, Banco Santander)
- Actividades que se iniciaron ou potenciaron a consecuencia da COVID-19: Na nosa Cáritas non se iniciou nin potenciou ningún programa especialmente. Si que houbo máis necesidades sociais e petición de axudas para necesidades básicas (alimentación e vivenda). Asemade o programa de emprego recibiu máis peticións de persoas que tiñan un emprego medianamente aceptable e que o perderon.

Durante o período de alarma primou a atención telefónica e o teletraballo. Dende a sede diocesana fixéronse entregas de vales, outras mediante transferencias e, presencialmente, só as urxencias, sendo as atencións e acompañamento de modo telefónico ou telemático.

Na maioría das Cáritas parroquiais seguíronse entregando alimentos e noutras recorreron a transferencias bancarias e vales para compras en supermercados. Hai que ter en conta que a gran maioría do voluntariado o forman persoas maiores.

- Delegado diocesano de Cáritas: Xabier Alonso Docampo.  
Director de Cáritas diocesana: E. Gonzalo Davila Davila.
- Correo electrónico da Cáritas Diocesana: caritas.cdtui-vigo@caritas.es

## 2.- Cáritas diocesana de Ourense

«En Cáritas, un ano máis, aportamos o noso esforzo e o noso compromiso para mellorar a comunidade. Pretendemos transformar a realidade que temos preto, en clave de dereitos, e por iso nos procesos que desenrolamos danse diversos momentos nos que a nosa acción debe contemplar a asistencia, a cobertura de necesidades básicas, a promoción e a transformación, de forma vinculada, a través do acompañamento social e, sempre, cunha ollada de dereitos».

- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos: 12.905 persoas atendidas (7.698 en Cáritas Diocesana e 5.207 nas 33 Cáritas Parroquiais).
- Número de profesionais ao servizo: 41 (máis 11 na empresa de inserción).
- Número de voluntarios colaborando nos diferentes servizos: 383 voluntarios, 118 socios, 56 traballadores, 283 doantes identificados e 48 empresas colaboradoras.
- Áreas nas que se está traballando na actualidade: (recollemos a información da memoria 2019 que nos foi enviada):
  - Acollida e asistencia: Servizos: 33 Cáritas parroquiais e 41 centros na cidade e no medio rural son os recursos para a atención ás persoas. Das 12.905 persoas atendidas, 44 % homes e 56 % mulleres. As mulleres seguen encabezando a busca de solución en Cáritas. 59 % en situación de desemprego e 32 % están traballando e buscando mellora no emprego. O 42 % son fogares con menores a cargo. Os gastos de vivenda e de alimentación representan máis do 65 % dos seus ingresos.
  - Emprego e formación: en agosto do 2019 Cáritas en Ourense acadou a autorización da súa Axencia de colocación, coma unha ferramenta máis na atención personalizada ás persoas desempregadas.

Outro apartado importante do programa de emprego e formación foi a atención ás persoas migrantes, especialmente venezolanas.

Na área de formación atendéronse a 741 persoas con 7.338 horas de formación.

A formación no posto de traballo foi a fórmula máis eficaz. 67 insercións laborais. Tres iniciativas de autoemprego apoiadas desde Cáritas.

- Atención social especializada: ofrecémola en colaboración coas administración públicas. Son intervencións sociais de apoio ás familias, á poboación reclusa, na área da muller, de menores, etc. 2.981 persoas atendidas neste campo no 2019. A maioría españolas, pero afluencia masiva de venezolanos (18,15 %) demandando emprego, vivenda, cobertura necesidades básicas.

Infravivenda, vivendas colectivas alugadas por habitacións e sen vivenda son os campos onde máis interveu Cáritas. En relación con estes campos Cáritas diocesana no ano 2019 desenrolou 15 programas e estivo en coordinación con 33 Cáritas parroquiais.

- Servizos concretos:

*Comedor social*: atención diaria de almorzo, xantar e cea a 1.196 persoas, con 80 voluntarios. Tamén lavandería, ducha e perruquería. Este servizo multiplicouse coa COVID-19.

*Roupeiro*: 1.415 persoas atendidas. Donativo de xoguetes novos (Abanca).

*Centro de día para a inclusión social Virxe de Covadonga*: buscamos unha presenza significativa nos barrios da cidade, dinamizándoos con diferentes actividades lúdicas, formativas. 471 persoas atendidas.

*Programa de muller «Alumar»*: para a acollida, escoita e apoio de mulleres en situación de vulnerabilidade. 583 mulleres atendidas no 2019.

*A casíña*: escola infantil aberta a toda a comunidade. Atendeu 45 pequenos.

*Centro de día de menores «Xurde»:* atención completa a menores e ás súas familias, buscando desenrolo integral e inclusión social.

*Programa de maiores:* tres sedes. 293 persoas maiores de 65 anos; combater a soidade non desexada. Desde o 2010 no rural, desde 2016 na cidade.

*Centro «Trébede»:* de formación compensatoria e intervención familiar.

*Centro de transición á vida autónoma:* promove a inserción socio-laboral de persoas sen fogar mediante unha vivenda de 10 prazas. 20 persoas atendidas.

*Animación comunitaria e voluntariado:* implicar as persoas na mellora continua da acción de Cáritas.

- Retos ante a COVID-19: Potenciar os servizos relacionados coa cobertura de necesidades básicas, consolidar acollida e ter presenza alí onde ninguén estaba e traballar polo emprego das persoas vulnerables.
- Presuposto: 1.996.048,05 €.  
Acollida e asistencia: 607.657, 43 €.  
Formación e emprego: 401.732,66 €.  
Atención social especializada: 865.430,63 €.  
Animación comunitaria e voluntariado: 35.677,74 €.
- Gastos de funcionamento dos programas: 85.549,59 €.
- Delegado de Cáritas diocesana: José Ángel Feijóo Mirón.  
Directora de Cáritas diocesana: María Tabarés.
- [www.caritasourense.org](http://www.caritasourense.org).

### 3.- Cáritas diocesana de Santiago de Compostela

- Número de profesionais ao servizo da delegación: 124
- Número de voluntarios colaborando nos diferentes servizos: 2.935

- Áreas nas que se está traballando na actualidade: 9 áreas de traballo: Atención primaria, emprego e economía social, infancia muller e familia, maiores e dependencia, xurídica e penitenciaria, saúde, persoas sen fogar, minorías e cooperación internacional.
- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos: 19.481 atendidas directamente e 55.834 os beneficiarios da nosa acción, contando coas persoas indirectamente atendidas.
- Presuposto xeral co que se levan a cabo as actividades: 6.523.091 €
- Fontes principais de ingresos: un 44,8 % dos nosos socios, donativos e colectas; un 17,8 % de subvencións das AA.PP.; un 13,7 % dos fondos procedentes da casiña para fins sociais do IRPF; un 15,9 % de doazóns e convenios con entidades privadas e un 7,5 % de cesións, doazóns e legados.
- Actividades que se iniciaron ou potenciaron a consecuencia da COVID-19: como actividades novas, forzadas pola pandemia, está a xestión de dous albergues/residencias de emerxencia para persoas sen fogar, dadas as restricións do confinamento as persoas sen fogar non tiñan onde pasar esas xornadas polo que en Santiago e Pontevedra fixouse, en colaboración cos respectivos concellos e coa habilitación da Xunta de Galicia, dous albergues no Seminario Menor de Belvís e na Casa de Exercicios «Raíña da Paz» de Pontevedra que atenderon a máis de 50 persoas en situación de rúa.  
Respecto ao reforzo, foi a área de atención primaria a que viu incrementada en maior medida as solicitudes recibidas. As demandas de axuda para cubrir necesidades básicas (alimentos, alugueres, subministros, gastos farmacéuticos, etc.) incrementáronse en torno a un 43 % o que obrigou a reforzar este servizo e os fondos dedicados.
- Delegado de Cáritas diocesana: Xesús García Vázquez.  
Director da Cáritas diocesana: Xosé Anuncio Mouríño Rañó.
- Correo electrónico: [diocesana.cdsantiago@caritas.es](mailto:diocesana.cdsantiago@caritas.es)



#### 4.- Cáritas diocesana de Mondoñedo-Ferrol

- Número de profesionais ao servizo da delegación: 10.
- Número de voluntarios colaborando nos diferentes servizos: 372.
- Áreas nas que se está traballando na actualidade: acollida e atención primaria (axudas de emerxencia: alimentación, roupa, vivenda, farmacia, educación, transporte...), asesoramento xurídico en estranxeiría, clases de español para persoas estranxeiras, servizos de duchas, lavandería, almuerzo, merenda, punto *net* para persoas sen fogar (PSF), 4 pisos de tránsito á vida autónoma, 4 pisos de aloxamento de emerxencia para familias, talleres de alfabetización e habilidades sociais, clases de apoio escolar a menores, taller promocional da muller xitana, formación e inserción sociolaboral, acompañamento a persoas maiores soas.
- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos (datos do ano 2019):
  - Acollida e atención: 4.800 persoas.
  - Asesoramento xurídico en estranxeiría: 218 persoas.
  - Clases español para persoas estranxeiras: 32 persoas.
  - Servizos de duchas e lavandería para PSF: 63 persoas.
  - Servizos de almorzos, merendas para PSF: 355 persoas.
  - Servizos de punto *net* para PSF: 89 persoas.
  - Pisos de tránsito á vida autónoma: 18 persoas.
  - Pisos de aloxamento de emerxencia para familias: 14 persoas.
  - Talleres de alfabetización e habilidades sociais: 23 persoas.
  - Clases de apoio escolar a menores: 11 persoas.
  - Taller promocional da muller xitana: 23 mulleres e 13 menores.
  - Formación e inserción sociolaboral: 208 persoas atendidas.
  - Acompañamento a persoas maiores soas: 7 persoas maiores.
- Presuposto xeral co que se levan a cabo as actividades: 1.002.639,63 €.

- Fontes principais de ingresos: Colaboracións periódicas (socios e donantes) 14,2 %, Subvenciones privadas 5,8 %, Campañas institucionais 0,9 %, Prestación de servizos 0,3 %, Subvencións de organismos oficiais galegos (Xunta, Deputación, Concellos...) 24,7 %, Fondo social europeo 11,4 %, Achega do IRPF aplicable a la acción social 17,4 %, Conferencia Episcopal e Diocese de Mondoñedo-Ferrol 7,0 %, Legados 10,2 %, Outros 8,2 %.
- Actividades que se iniciaron ou potenciaron a consecuencia da COVID-19:  
Axudas de emerxencia (alimentación, roupa, vivenda, farmacia, educación, transporte...), busca de aloxamento para PSF e persoas estranxeiras, servizos de duchas e lavandería para PSF, apoio na entrega e recollida de deberes dos menores, cursos de alfabetización dixital para os pais con nenos na escola.
- Delegado de Cáritas diocesana: Alfonso Gil Montalbo.  
Directora de Cáritas diocesana: María Victoria González.
- Correo electrónico da Delegación: [direccion.cdmondonedo@caritas.es](mailto:direccion.cdmondonedo@caritas.es)

## 5.- Cáritas diocesana de Lugo

- Número de profesionais ao servizo de Cáritas: 22.
- Número de voluntarios/as colaboradores: 370.
- Actualmente traballamos en dez áreas:
  - Acollida e asistencia a persoas marxinadas e excluídas: acoller e coa persoa acollida atopar respostas ás súas necesidades máis urxente.
  - Atención a persoas con discapacidade: atención integrala persoas con discapacidade, para promover a súa calidade de vida.
  - Emprego: apoio á inserción sociolaboral de grupos desfavorecidos.

- Familias en desvantaxe: mellorar funcionamento persoal, familiar e social con estratexias que favorezan a rehabilitación e reinserción.
  - Infancia e Mocidade: favorecer crecemento persoal e social de nenos/as e adolescentes.
  - Inmigrantes: «Contade connosco»: favorecer o encontro e convivencia con persoas diferentes.
  - Maiores: «Vivir na casa»: acompañar a persoas maiores, fomentando autonomía persoal e mellorando calidade de vida.
  - Acollida a mulleres vítimas de violencia, trata e explotación: atención, información e asesoramento a mulleres en situación de vulnerabilidade.
  - Promoción da saúde integral das mulleres vítimas.
  - Voluntariado: fortalecer redes de voluntariado social mediante a formación e o acompañamento na acción.
- Número de persoas atendidas nos diferentes servizos: directamente, 5.923; indirectamente, 11.888.
  - Presuposto co que se levan a cabo as actividades: 1.433.170 €.
  - Fondos privados: 619.391 €.  
Fondos públicos: 813.788 €.
  - Delegado de Cáritas diocesana: Antón Negro Expósito.  
Director de Cáritas diocesana: Xínés F. Plaza Fernández.
  - [www.caritaslugo.es](http://www.caritaslugo.es)

Agradecemos ás diferentes Cáritas de Galicia esta información, que podemos ver ampliada nas páxinas webs respectivas. As Cáritas das dioceses galegas pónennos en contacto cunha entidade viva, ao servizo sempre da xente máis desfavorecida; que nos fala de persoas moi concretas que exercen ou reciben ese servizo; que nos sitúa ante a paixón central do noso Mestre Xesús, a quen se lle

revolvían as entrañas, a mente, a voz, as mans ante o pobo canso e asoballado, que sufría as consecuencias ás veces da propia indolencia, e case sempre dunha organización social inxusta, que exclúe, que marxina, que crea pobrezas, por mor da cobiza dos «imperios» de cada momento histórico e de quen deles se aproveita. Cáritas é un orgullo da Igrexa católica, que a todos nos chama á conversión, a repensar as vidas, a envolveras en ilusións comunitarias. Os tempos que se aveciñan chámannos a afondar e a reforzar as súas tarefas. Todas, todos estamos convocados.

**Manuel Regal Ledo**